

As **Pantallas** de Xinzo de Limia visten camisa e calzón brancos, capa vermella ou negra, pano no pescozo, polainas negras e zapatos negros. Levan tamén unha faixa chea de campaiñas. As carautas, qu son moi vistosas representan a un demo con bigote e barba puntiaguda. O seu complemento fundamental son as vexigas de animal infladas que ao batilas producen un ruído moi peculiar.



Con elas azotan a todo aquel que pasee pola rúa sen disfraz. Quen sexa pillado sen disfraz terá que invitar a unha ronda de viño. O que se resista será perseguido, reducido e levado en brazos asta o bar máis próximo para pagarlle uns viños á cuadrilla de pantallas.



Os **boteiros** de Viana do Bolo levan unha carauta de madeira tallada con motivos arrepiantes e unha pantalla de arame e carton forrado de papeliños de cores formando un debuxo singular. A camisa de liño forrada de lazo de raso o seda enrugada tamien de moitísimo colorido. O pantalon é vermello con flecos. Tambien leva un cinto de esquilas avisando cando chega o "boteiro", e un longo pau de madeira para axudarse a dar grandes brincos.

